



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Traducción idioma 1, II: Inglés-Español

Materia	Traducción idioma 1, II: Inglés-Español			
Código	V01G230V01503			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Pereira Rodríguez, Ana María			
Profesorado	Pereira Rodríguez, Ana María			
Correo-e	pereira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia es continuación de "Traducción idioma 1,I: inglés-español" y se concibe como un espacio didáctico en el que el alumno ha de afianzar los objetivos alcanzados en segundo curso. Además, el estudiante adquirirá competencia en la resolución de problemas relacionados con la ideología en los textos y con la aparición de otros códigos diferentes del lingüístico (musical, visual) y se le iniciará en el mundo profesional de la traducción, en el que entrará de lleno en el siguiente cuatrimestre.</p> <p>Se da por supuesto que el alumno posee buenos conocimientos de las lenguas y culturas de trabajo, que sabe diseñar estrategias generales de traducción, detectar y resolver problemas de traducción, que conoce las fuentes documentales básicas para la traducción, que es capaz de llevar a cabo de forma apropiada el proceso de traducción y de defender su trabajo.</p>			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A21	Rigor e seriedade no traballo
A22	Destrezas de tradución
A27	Capacidade de razoamento crítico
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B4	Resolución de problemas
B7	Toma de decisións
B9	Razoamento crítico
B12	Traballo en equipo
B14	Motivación pola calidade
B15	Aprendizaxe autónoma
B17	Comprensión doutras culturas e costumes
B18	Creatividade
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B23	Capacidade de traballo individual

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
O alumno será capaz de analizar o xénero e rexistro do TO e o encargo de tradución co fin de deseñar unha estratexia de tradución apropiada	A4 A17 A18 A21 A22	B4 B7 B15 B17 B22 B23
O alumno será capaz de detectar problemas de tradución e resolvelos escollendo, entre as diversas posibilidades, a máis apropiada	A17 A18 A22	B4 B7 B9 B15 B17 B23
O alumno manexará as fontes documentais básicas para a tradución inglés-español de textos xerais	A1 A2 A3 A4 A8	B2 B7
O alumno será capaz de levar a cabo de forma apropiada o proceso de tradución de textos ingleses de xéneros diferentes e saberá defender o seu traballo	A1 A4 A17 A18 A21 A22 A27	B7 B9 B12 B14 B15 B17 B18 B22 B23
O alumno terá unha primeira toma de contacto co mundo profesional do mediador	A9	

### Contidos

#### Tema

Unidade 1. Seleccionamos estratexias de transvasamento e resolvemos problemas de tradución.	1.1. A tradución de literatura para mozos
Unidade 2. Introducimos o traballo do tradutor	2.1. A formación e profesión de tradutor 2.2. A tradución de artigos de investigación
Unidade 3. Resolvemos problemas relacionados coa aparición nos textos de códigos non lingüísticos	3.1. A tradución subordinada 3.2. A tradución de tebeos 3.3. A tradución de publicidade impresa 3.4. A tradución de cancións

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	9	0	9
Resolución de problemas e/ou exercicios	21	0	21
Estudos/actividades previos	0	15	15
Sesión maxistral	12	24	36
Actividades introdutorias	2	0	2
Titoría en grupo	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	21	21
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	12	14
Traballos e proxectos	0	30	30

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	Actividades extensas nas que non só se pon en práctica o asimilado a través de explicacións e lecturas, senón que buscan fomentar a aprendizaxe autónoma, o espírito crítico, o traballo en equipo, etc. e que se poden desenvolver na aula, pero tamén na biblioteca ou na sala de ordenadores.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os puntos teóricos explicados nas clases maxistras exercitaranse a través de actividades de resolución de problemas e distintos tipos de exercicios que se farán na aula, normalmente en parellas ou en pequenos grupos.

Estudos/actividades previos	Todas as unidades do temario teñen unha bibliografía básica obrigatoria que o alumno debe asimilar, xa que será examinado do seu contido.
Sesión maxistral	Nas sesións maxistras explicaranse os puntos teóricos que, a continuación, se exercitarán mediante actividades fóra e dentro da aula. É fundamental que os devanditos puntos teóricos sexan estudados e asimilados polo estudante.
Actividades introductorias	A primeira sesión presencial desta materia dedicárase a explicar con detalle os obxectivos que se pretende alcanzar, o temario, a forma na que se desenvolverá a docencia e os procedementos de avaliación.
Titoría en grupo	Nas titorías grupais comentaranse e revisarán as entregas obrigatorias previstas na materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Os puntos teóricos explicados nas clases maxistras exercitaranse a través de actividades de resolución de problemas e distintos tipos de exercicios que o alumno realizará individualmente na casa.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Tanto nas actividades de resolución de problemas e exercicios coma nos traballos realizados en clase o alumno recibirá atención personalizada sempre que o necesite. Do mesmo modo se lle atenderá de forma persoal en todas as dúbidas que teña con respecto ás actividades que terá que realizar fóra da aula.
Traballos de aula	Tanto nas actividades de resolución de problemas e exercicios coma nos traballos realizados en clase o alumno recibirá atención personalizada sempre que o necesite. Do mesmo modo se lle atenderá de forma persoal en todas as dúbidas que teña con respecto ás actividades que terá que realizar fóra da aula.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Tanto nas actividades de resolución de problemas e exercicios coma nos traballos realizados en clase o alumno recibirá atención personalizada sempre que o necesite. Do mesmo modo se lle atenderá de forma persoal en todas as dúbidas que teña con respecto ás actividades que terá que realizar fóra da aula.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	A asistencia e participación activa en clase medirase polo labor realizado nos traballos de aula.	5
Resolución de problemas e/ou exercicios	A asistencia e participación activa en clase medirase polo traballo realizado nas actividades de resolución de problemas e/ou exercicios	5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1) Teoría na que se examinará o alumno, tanto dos contidos explicados nas clases maxistras coma dos contidos das lecturas obrigatorias e 2) práctica, que consistirá na tradución dun texto con axuda de dicionarios en formato papel. A data consensuarase co alumnado	30
Traballos e proxectos	Realizaranse dúas entregas, que supoñerán un 60% da avaliación (30% cada unha). As datas de entrega fixaranse en clase, atendendo ao calendario e tendo en conta os períodos de traballo autónomo e unha distribución racional da carga de traballo.	60

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Esta materia é presencial e a súa avaliación continua. No entanto, se algún alumno, por motivos xustificadas, non pode seguir este sistema de avaliación, deberá presentar nas dúas semanas seguintes ao día en que se matricule un xustificante especificando este particular. Nese caso, presentárase ao exame de final de cuadrimestre e/ou xullo que abarcará todos os contidos da materia, tanto teóricos como prácticos (para que as partes (teórica e práctica) fagan media, é necesario obter un mínimo de 2,5 sobre 5 en cada parte). O exame realizarase na lingua termo da combinación da materia, a data acordárase co alumnado e publicarase con tempo suficiente na plataforma de docencia Faitic.

Aos que sigan o sistema de avaliación continua gardaráselle para a convocatoria de xullo as partes superadas. As partes aprobadas só gardaranse ata a edición de xullo.

#### CONVOCATORIA DE XULLO

Exame final na data establecida polo centro que abarcará todos os contidos da materia, tanto teóricos como prácticos (para que as partes (teórica e práctica) fagan media, é necesario obter un mínimo de 2,5 sobre 5 en cada parte). O exame realizarase na lingua termo da combinación da materia.

Con respecto á avaliación de traballos e proxectos, se se detecta que estes (ou algunha dos seus partes) son plaxios, a cualificación dos mesmos será 0.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

---

La bibliografía obligatoria de la que se examinará al alumno se subirá a la plataforma o se dejará en el servicio de reprografía con cada unidad.

Unidad 2

Jocelyn Epstein, B. octubre de 2006, [Educating the customer], *Translation Journal*, vol.10, nº 4 (Documento disponible en Ricagno, M. A. 2011, [Time management by the freelance translator. Practical rules to schedule your workday and activities], *Translation Journal*, vol. 15, nº 1 (Documento disponible en <http://translationjournal.net/journal//55time.htm>).

BIBLIOGRAFÍA DE REFUERZO:

Unidad 3

Mayoral, R. 1992, [Formas inarticuladas y formas onomatopéyicas en inglés y en español. Problemas de traducción], *Sendebarr*, 3, 107-139.

Pàmies Bertrán, A. 1990, [La Traduction de la Chanson: Problèmes Rythmiques], *Sendebarr*, I, 47-63.

### **Recomendacións**

---

#### **Materias que continúan o temario**

---

Tradución idioma 1, III: Inglés-Español/V01G230V01606

---

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Tradución idioma 1, I: Inglés-Español/V01G230V01310

---